



O REMATE DO 2005



Foto.- Imaxen do encoro de Prada en Casdednodres.

A piques de rematar este ano 2005, teño que dicir como sempre, gracias a todos os veciños que con a súa colaboración fain que as festas de Casdenodres xexan un clamor popular que estendese lonxe das nosas fronteiras. Sen a vosa colaboración nada sería posible nin as festas, nin a revista, nin a asociación, nin nada así que por moitos anos sigamos sendo a envidia de todos os pueblos a redor.

Despois destes alagos, algunha crítica tiña que facer, que é a de sempre. Hay que mandar mais cousas, fotos, relatos, palabras para vocablos, o que xexa. Se no vos costa tanto, hay xente que xá está mandando cousas e pareceume muy ben así que seguíde así.

Outra cousa, como se anunciou na revista do número anterior, o día 13 de agosto de 2005 convocouse a tódolos socios a unha reunión que tivo lugar no taller Para todos aqueles que non poidestes asistir, comunicásevos que nesa reunión acordouse, por votación popular e mayoría absoluta, unha subida da cuota anual que pasa de 6 a 10 euros. Ademáis ante a falta de asistencia de algún socio, acordouse pospor o cobro da cuota anual correspondente a iste ano polo que rogariavos que todos aqueles que non tedes domiciliado o ingreso e aínda non abonastes a cantidade correspondente a iste novo ano, ingresedes os cartos na conta da asociación de vecinos de Casdenodres que figura a continuación:

Entidade: Caixa Galicia Nº 2091 0455 75 300019619

Tamén se chegou o acordo de facer participacións de lotería tal e como vos poderíades decatar.

O LIÑO

Con esto das novas tecnoloxías o tempo pasa muy deprisa e parece que cousas de fai poucos anos pasaron na prehistoria. Unha delas e o cultivo do liño. Cuando os que hoxe rondamos os cincuenta éramos pequenos os traballos relacionados con esta planta textil ocupaban un lugar destacado.

Da importancia que tuvo queda constancia incluso na toponimia. Hay un lugar no pueblo que se chama “Os liñares”.

Sembrábase a finais de abril . E unha planta das que chamamos lambona xa que lle gusta a terra ben labrada e que sea rica en nutrientes por eso se sembraba nas millores cortiñas. Unha vez sembrada non requería mais labores que quitarlle as malas herbas. Hacia o mes de xulio empezaba a poñerse amarelo, a planta xa creceo o redor de un metro e a semilla “liñaza” púxose de color azul vivo. Xa está preparado para ser arrancado. Este traballo facíase cas maos poñéndoo en manoxos

A continuación había que sacar a semente que aunque de ela se extrae aceite entre nos utilizábase como semente po año siguiente e pa remedios medicinales xa que ten propiedades curativas. Pa separar a semente do tallo utilizábase un banco chamado ripo. No medio tiña unhos pinchos verticales xuntos (imaxinémosnos un peine) polos que se iba pasando o liño hasta que soltara a semente. Logo atábase con biortas en mazos e lévabase a enterrar o río. Pa que non o arrastrase a corrente e non flotase poñíase unhas pedras encima. A esta operación chámase enlazar. Debaixo da agua debía permanecer oito días o cabo dos cuales sácabase poniendo extendido a secar

Unha vez seco había que mazalo. Esto facíase nos mazadoiros golpeando con unha maza feita de madeira de rebolo e parecida a un rodelo de estirar a masa. Con esto e co espadado, consistía en golpealo de novo nun banco que ten no medio unha tabla

vertical afilada e darlle con outra madeira parecida a unha espada (de eí o nombre), quitábanselle os tascos que xa non se aproveitaban para nada, deixando solo a fibra.

Despois, pasábase por unha especie de peine con dentes de ferro. Nas noites de inverno, nos fiadeiros , fiábase. Esta labor correspondía as mulleres. Collíase un manoxo de liño e poñíase na punta da roca atando pa que non se desficera. Metíase a punta da roca polo lado esquerdo da cinta do mandil. Con esa mesma mao collíanense as fibras retorcendoas ca dereita no fuso hasta sacar un fio largo que se iba envolvendo neste. Cuando estaba cheo, sin desfácelo, sacábase pola parte estreita de éste formando unha mazaroca.

No sarillo desenliábase. Con varias mazarocas ensarilladas formábase unha madeixa. Ahora había que blanquealo. Para eso colocábase con cinsa a cocer nun pilón construido ca corteza de alcornoque. Unha vez cocidas lávábanse e poñíanse a blanquear.

Na devanadoira facíanse ovillos que logo nos teares había que tecer sacando lenzo para roupa das camas e de vestir.

En torno a cada un destes traballos desarrollábase un auténtico ritual. Os que éramos nenos vivíamos con gran entusiasmo momentos como o sacar o liño do río, queimar os tascos (función que se lle encomendaba en exclusiva os rapaces), mazar ou pasar as noites de fiadeiro mortos de medo escutando contos que nos explicaban acerca das ánimas, aparicos dos mortos ou cousas extrañas que pasaban nos cementerios.

Hacia mediados dos sesenta desapareceo este cultivo debido a puxanza da industria textil inglesa e catalana e o aumento do poder adquisitivo das familias. – Rogelio -



Mazadoiro da casa dos do Alcalde

CANTIGAS DA GUERRA

Se alimentara o medo que pasamos, estariamosche fartos
de porvida

En el alto del Gurugú
Hay una fuente que mana
Sangre de los españoles
Que murieron en campaña
Ciento cincuenta mil hombres
Llevaron para Melilla
Donde millares de ellos
Allí perdieron la vida

una mañana un pajarito vino a cantar,
era una madre que a sus tres hijos
aquella noche venía a llorar,
no llores mama, no llores
que aunque a tus tres hijos le falte el pan,
la justicia por quién luchamos
a todo el mundo a de llevar.

Dos viejos en la cocina
de un poco lumbre
ya hacían calor
y ahora que se hallan solos
pues a la guerra el hijo marchó
lo que hoy nos parece
duro camelo
para este vil mundo
hermoso cielo.
rompe ya tus cadenas
que eso es tu propio afán
que son los que a tus hijos
arrebatan el pan.
Bajemos a la ciudad
los campesinos con decisión,
a luchar con los obreros,
nuestros hermanos de corazón.

FOTOS DE ONTE E HOXE

As de onte



Foto.- Aquí temos fai bastantes anos estas mulleres, a ver si sabendes quen son.



Foto.- E aquí outra foto de fai moitos anos de unhos cantos veciños reunidos.

FOTOS DE ONTE E HOXE

As de hoxe



Foto.- Aquí temos unhas fotos do magosto feito neste mesmo inverno.



O CONSULTORIO DO DOUTOR DOENTE : “A PREGUNTAS INUTIS, RESPOSTAS ABSURDAS”

Vouvos contar unha anécdota que lle sucedeu a un compañeiro do hospital. E aínda que pareza un chiste, non é tal :

Chega un velliño por urxencias cunha doenza no estomago, non soporta a dor. Había poucos días que se fora de alta. Así que o enfermeiro comeza a interrogalo:

_Manuel,¿onde lle doe?

_Non aguanto a dor do estomago. A culpa de todo tenlla o doutor, isto que me recetou case me mata..

O enfermeiro lee o informe de alta que lle entrega o paciente, o cual di:

“TRATAMIENTO:_Ejercicio moderado.

_Dieta S/S diabética(desayunará **2 o 3** galletas)

_etc,etc,etc.”

_Pois non lle sei Manuel, pero este tratamento non e difícil de seguir.

_Carallo,pois non sera para vostede,pero eu xa chegando as 160 galletas pensei reventar,pa cuanto máis chegar ás **203** como me manda o doutor.....

Un paciente vai realizar unha colonoscopia (ven sendo unha proba para examina-lo intestino).

O enfermeiro chama polo paciente. Xa na habitación procede a explicarlle en que consiste a proba que se lle vai realizar:

_Tiene que tumbarse en esta camilla en posición fetal, va a introducirse un colonoscopio por el ano, lentamente a través del intestino,para observar si tiene usted algún polipo,etc,etc,etc. Ahora quítese la ropa de la cintura para abajo,(lo cual,el paciente obedece). Manuel,subase a la camilla.

_Eu non lle son Manuel, son un veciño do pueblo, o Manuel está ahí fora, e que me dixo que o acompañase para que me informara eu primeiro e despois lle contase, porque el di que a outra vez que veu non se enterou de nada do que vostede lle dixo. Como falan tan raro.

- Begoña -

FONTANERÍA Y
CALEFACCIÓN

Hnos.
SEOANE

Teléfono: 988 35 02 08
Particular: 988 29 43 38
Móvil: 689 54 82 68

32368 SANTA CRISTINA - A VEIGA (Ourense)

PAR DENA TREININGA

O QUE FIXEMOS

De novo este é o primeiro número da revista despois do vrao, donde puidemos disfrutar do primeiro encontro de futbol de solteiras contra casadas, todo un espectáculo. Ademáis quería recordaros a noba iniciativa que puxemos en marcha este ano, que foi repartir lotería por todos os puntos da xeografía española donde os nosos socios/as venderon as participacións. Ese número máxico que espero nos faga ricos a todos, boa sorte. Ahí tedes un par de fotos das gañadoras do partido, as solteiras, e outra dos gañadores da carreira de carretillos.



VOCABLOS

- 1.- Esgarrinchar
- 2.- Bulleiro
- 3.- Muruxas
- 4.- botelo
- 5.- Falarlle
- 6.- Canastrilla
- 7.- Lacena
- 8.- Baraza
- 9.- Tereixa

- a.- corda grosa que servia pa amarrala carga (atereixar).
- b.- facerlle as beiras a alguén.
- c.- vexetal co que se fan ensaladas, e que dase nos manantiais de auga limpa.
- d.- recipiente de mimbre (xeralmente) que servía pa levala merenda.
- e.- moble tradicional das cociñas da zona.
- f.- escalar, subir por riba de algo de forma axil.
- g.- un tipo de embutido.
- h.- composición de auga, terra...característico das fontes, camiños...
- i.- corda que quedaba de atalas alpacas.

EDITORIAL

Chega o inverno, chega o frío e por ende as navidades, sí , sí , as navidades... Ooooh!!! Que ledicia é a navidad, todos felices, todos contentos, e os que máis contentos se poñen son os centros comerciais; que só teñen unha premisa A GASTAR!! é a máxima que teñen. Frótanse a mans dos miles e miles de millóns de euros que lles van a entrar nas arcas cos regalos nestas fechas tan señaladas.

Demasiados diría eu pero eche así a cantinela e non che queda outra que tragar, aínda que sempre hai o lado positivo das cousas e porque non vamos a facelo polos peques da casa, que a eles sí lles encanta a navidad e disfrutar dela.

E qué verdade e isa tan grande que dí que non hai mellor regalo que o sorriso dun neno, pois fagamos rir os que poidamos, coñecidos ou non, cercanos ou lonxanos, a todos si pudiera ser, por qué non?

- Jai -



CHIRICAHUA
VIANA



HOTEL RESTAURANTE AS CHAIRAS
TELEFONO: 988350168

Recordadeos de a nosa dirección de correo para que mandeis as colaboracións: casdenodrescap@terra.es
Solución a los vocablos: 1-f, 2-h, 3-c, 4-g, 5-b, 6-d, 7-e, 8-i, 9-a. Non me digais que era difícil, a que non?